

CONCELLO
DE VIGO



 **TRAD**
ESCOLA MUNICIPAL
DE VIGO DE MÚSICA
FOLK E TRADICIONAL

CONCELLO
DE VIGO



Escola de Música Folk e Tradicional.
Concello de Vigo

CONVOCATORIA CURSO 2022-2023

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

COVID-19. Situación de excepcionalidade

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online, ...)

I. Oferta formativa e programas.



I. OFERTA FORMATIVA E PROGRAMAS

- **Música e Movemento**
- **Formación Instrumental**
 - Especialidades.
 - Itinerarios.
 - Actividades extraescolares e complementarias.
- **Programas específicos**
 - Curso de Iniciación ao Instrumento. (CII)
 - Curso de Especialización Escénica. (CEE)
 - Divulgación
- **Aulas Abertas (Forgrup).**
 - Táboas e descrición.

<u>Música e Movemento</u>	<u>Formación Instrumental</u>	<u>Formación Grupal</u>	<u>Programas específicos</u>
Música e Movemento I (4 anos)	Acordeón diatónico (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Cantares Populares de Troula	Curso de Iniciación á Arpa Céltica
Música e Movemento II (5 anos)	Arpa Céltica (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Banda de Gaitas e Percusión	Curso de Iniciación ao Acordeón Diatónico
Música e Movemento III (6 anos)	Canto Popular (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Coro	Curso de Iniciación ao Violín Folk
Música e Movemento IV (7 anos)	Corda pulsada (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Aula Aberta Pandereteiras	Curso Especialización Escénica
	Gaita (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Aula Aberta Zanfona	
	Percusión tradicional (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Aula Aberta Agrupación Corda Frotada	
	Requinta e frauta (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Aula Aberta Requinta e Corda Pulsada	
	Violín Folk (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)	Aula Aberta Arpa Céltica	
	Zanfona (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)		



1. Música e Movemento

Materia	Sesiões semanais	horas anuais
Música e Movemento I (4 anos)	2 sesións de 45" c/u	51
Música e Movemento II (5 anos)	2 sesións de 45" c/u	51
Música e Movemento III (6 anos)	2 sesións de 45" c/u	51
Música e Movemento IV (7 anos)	2 sesións de 45" c/u	51

2. Formación Instrumental

Acordeón diatónico (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Arpa Céltica (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Canto Popular (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Conda Pulsada (Itinerarios: Básico e Medio)

Gaita (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Percusión (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Requinta e Frauta (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Violín Folk (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Zanfona (Itinerarios: Básico, Medio e Avanzado)

Itinerario Básico (3 cursos)

Materias Básico	Horas anuais
CURSO 1º (Todas as especialidades)	
INSTRUMENTO Básico 1	68
CURSO 2º (Todas as especialidades)	
INSTRUMENTO Básico 2	34
CONXUNTO 2 Básico	34
CURSO 3º (Todas as especialidades)	
INSTRUMENTO Básico 3	34
CONXUNTO 3 Básico	34



Itinerario Medio (3 cursos)

CURSO 1º

ESPECÍFICAS	INSTRUMENTO 1	34
	ORGANOLOXÍA	17
TRONCAIS	LINGUAXE MUSICAL 1	34
	RITMOS E XÉNEROS DA MÚSICA TRADICIONAL I	17
	PERCUSIÓN	17
	DANZA I	17
COMPLEMENTARIAS	CURSIÑOS DE CURTA DURACIÓN	34

CURSO 2º

ESPECÍFICAS	INSTRUMENTO 2	34
	CONXUNTO 2	34
TRONCAIS	LINGUAXE MUSICAL 2	34
	DANZA II	17
	TRADICIÓN E CICLO ANUAL	17
	HARMONÍA ELEMENTAL	34

CURSO 3º

ESPECÍFICAS	INSTRUMENTO 3	34
	CONXUNTO 3	68
TRONCAIS	POLIFONÍA	17
	HISTORIA XERAL DA MÚSICA	17
	ANÁLISE E HARMONÍA I	34

Itinerario Avanzado (2 cursos)

CURSO 1º

ESPECÍFICAS	INSTRUMENTO 4	34
	CONXUNTO 4	68
TRONCAL	ANÁLISE E HARMONÍA II	34
COMPLEMENTARIAS	SONORIZACIÓN E GRAVACIÓN	34

CURSO 2º

ESPECÍFICAS	INSTRUMENTO 5	34
	CONXUNTO 5	68
TRONCAIS	RITMOS E XÉNEROS DA MÚSICA TRADICIONAL II	17
	HISTORIA DA MÚSICA GALEGA	17

2.1 Actividades extraescolares e complementarias

Paralelamente á formación especializada, o programa de actividades extraescolares ofrecerá un calendario de actuacións variadas que abranguen:

- Audicións dos alumnos: tres por tempada escolar e por especialidade coincidindo coa fin de cada trimestre.
- Cursiños de duración variable, realizados polo profesorado da escola ou invitados e dirixidas ao alumnado e público en xeral.
- Actos de presentación de libros, edicións discográficas, etc
- Actuacións de carácter voluntario de grupos e solistas que así o demanden.
- Outro tipo de actividades reflectidas na programación e relacionadas co currículo da escola.

3. PROGRAMAS ESPECÍFICOS

3.1 Curso de Iniciación ao instrumento (CII)

Programa específico de iniciación aos instrumentos Arpa Céltica, Violín e Acordeón Diatónico para a adaptación ás súas características técnicas e interpretativas. O alumnado interesado nestas especialidades, deberá facer este curso específico antes de realizar o 1º curso do Itinerario Básico.

<u>Instrumento</u>	<u>Descrición</u>	<u>Grupos</u>	<u>Ratio</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Nº horas</u>	<u>Requisitos</u>
Acordeón Diatónico	Iniciación ao instrumento. Primeiro contacto e adaptación para poder afrontar un estudo aproveitábel do mesmo.	1	Por determinar	Outubro – Xuño 1 hora/semana	34	Ser maior de 8 anos. Ser elixido no sorteo.
Arpa Céltica	Iniciación ao instrumento. Primeiro contacto e adaptación para poder afrontar un estudo aproveitábel do mesmo.	1	Por determinar	Outubro – Xuño 1 hora/semana	34	Ser maior de 8 anos. Ser elixido no sorteo.
Violín Folk	Iniciación ao instrumento. Primeiro contacto e adaptación para poder afrontar un estudo aproveitábel do mesmo.	1	Por determinar	Outubro – Xuño 1 hora/semana	34	Ser maior de 8 anos. Ser elixido no sorteo.



3.2 Curso de Especialización Escénica (CEE)

Curso de especialización orientado ao alumnos/as que remataron o 2º curso do Itinerario Avanzado, centrado na preparación dun concerto individual de fin de estudos. O alumnado que supera este curso recibe un Diploma especial.

<u>Materia</u>	<u>Descrición</u>	<u>Ratio</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Nº horas</u>	<u>Requisitos</u>
Instrumento	Instrumento da especialidade que o alumno/a veña desenvolvendo no Itinerario Avanzado.	Por determinar	Outubro – Xuño 1 hora/semana	34	Ter aprobado 2º curso do Itinerario Avanzado da especialidade.
Etnomusicoloxía	Análise da recollida de campo como método científico.	Por determinar	Cuatrimstral (Outubro- Xaneiro) 1 hora/semana	17	Ter aprobado 2º curso do Itinerario Avanzado da especialidade.

3.3 Divulgación

Programas enfocados á difusión das actividades da escola e en xeral da música de tradición oral e folk de Galicia, tanto no ámbito da cidade como na comunidade autónoma, estatal e internacional.

<u>Programa</u>	<u>Descrición</u>	<u>Participan</u>	<u>Actividades</u>
De Ruada	Actividades da ETRAD en espazos públicos: aulas abertas, participación en celebracións da cidade.	Profesores e alumnado da ETRAD	Clases en público, Rancho de Reis, comparsa de Entroido, Reconquista, Maíos
Música coa Escola	Concertos didácticos no Auditorio Municipal para os IES e CEIP do concello de Vigo	Profesores da ETRAD.	Concertos didácticos.
Orquestra Folk Sondeseu	Preparación de repertorio, concertos e gravacións da Orquestra	Profesores da ETRAD. Membros da orquestra.	Ensaíos semanais, concertos e gravacións
Tradurban	Concertos mensuais dos alumnos de 2º curso do Itinerario Avanzado	Alumnos de 2º curso do Itinerario Avanzado	Concertos ofertados polo Servizo de educación a centros sociais e veciñais da cidade
Xornadas de Portas Abertas	Visitas guiadas pola ETRAD para o coñecemento da escola e dos instrumentos, rematando con un mini concerto dos profesores.	Profesores da ETRAD	Visitas ofertadas polo Servizo de educación a colexios de Vigo e público en xeral.



4. AULAS ABERTAS (Foragrup)

Actividades de práctica musical en grupo, abertas a todos os interesados, coa duración dun curso escolar e destinadas exclusivamente á interpretación da música en colectividade sen intención escénica. Cada unha delas presenta diferentes requisitos e admiten aos participantes que o soliciten en función do espazo dispoñible, independentemente de que estean matriculados ou non nalgún ciclo formativo da Escola.

Temporalización: 2 horas/semana de Outubro a Xuño, **EXCEPTO** Aula Aberta de Requinta e Corda Pulsada que será de 1 hora/semana.

Nome	Descrición	Admisión máxima*	Requisitos
Aula Aberta de Zanfona	Grupo de zanfonas	30 zanfonas	Aportar instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos.
Banda de Gaitas e Percusión	Grupo de gaitas e percusións	30 gaitas, 10 tambores, 2 bombos, 10 pandeiretas	Ter instrumento propio. Posuír un dominio elemental demostrable da técnica. Ser maior de 9 anos.
Coro	Agrupación de voces	30 voces mixtas	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos.
Grupo Pandereteiras	Agrupación de canto tradicional e percusión	15 voces	Coñecemento demostrable da técnica de canto tradicional con percusión Ser maior de 9 anos.
Conxunto Corda Frotada	Agrupación de instrumentos de corda frotada: violíns, viola, cello e contra baixo	12 violíns, 6 violas, 3 cellos, 1 contra baixo	Dominio elemental da técnica en primeira posición e arco. Ser maior de 9 anos.
Cantares de Troula e Compañía	Grupo de voces	25 voces	Habilidade elemental para o canto coral. Ser maior de 9 anos.
Aula Aberta Requinta e Corda Pulsada	Grupo de requintas e instrumentos de corda pulsada.	5 requintas, 5 corda pulsada.	Aportar instrumento propio. Coñecemento demostrable da técnica do instrumento da praza a ocupar. Ser maior de 9 anos.
Aula Aberta Arpa Céltica	Grupo de arpas.	10 arpas.	Aportar instrumento propio. Coñecemento demostrable da técnica do instrumento da praza a ocupar. Ser maior de 9 anos.

*** COVID-19. Situación de excepcionalidade**

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características desta convocatoria

CONCELLO
DE VIGO



 **TRAD**
ESCOLA MUNICIPAL
DE VIGO DE MÚSICA
FOLK E TRADICIONAL

CONCELLO
DE VIGO



Escola de Música Folk e Tradicional.
Concello de Vigo

CONVOCATORIA CURSO 2022-2023

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

COVID-19. Situación de excepcionalidade

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características desta convocatoria (datas, número de prazas ofertadas, admisión de novo alumnado, modalidades presencial e online, ...)

II. Normativa e procedementos



Normativa e procedementos.

1. **Preinscrición.**
 - 1.1. Música e Movemento
 - 1.2. Itinerario Básico
 - 1.3. Itinerario Medio
 - 1.4. Programa específico: Curso de Iniciación ao Instrumento. (CII)
 - 1.5. Programa específico: Curso de Especialización Escénica. (CEE)
 - 1.6. Itinerario Foragrup: Aulas Abertas
2. **Admisión.**
 - 2.1. Música e Movemento
 - 2.2. Itinerario Básico
 - 2.3. Itinerario Medio e Avanzado
 - 2.4. Programa específico: CII
 - 2.5. Programa específico: CEE
 - 2.6. Itinerario Foragrup: Aula Aberta
3. **Matricula.**
 - 3.1. Música e Movemento
 - 3.2. Itinerario Básico
 - 3.3. Itinerario Medio e Avanzado
 - 3.4. Programa específico: CII
 - 3.5. Programa específico: CEE
 - 3.6. Itinerario Foragrup: Aula Aberta
4. **Ratios e avaliación**
 - 4.1. Música e Movemento
 - 4.2. Itinerario Básico
 - 4.3. Itinerario Medio e Avanzado
 - 4.4. Programa Específico: CII
 - 4.5. Programa específico: CEE
 - 4.6. Itinerario Foragrup: Aula Aberta
5. **Taxas**
 - Música e Movemento
 - Nível Básico
 - Níveis Medio e Avanzado
 - Programa específico: Curso de Iniciación ao Instrumento. (CII)
 - Programa específico: Curso de Especialización Escénica. (CEE)
 - Aulas Abertas (Forgrup)
5. **Titorías e orientación**
6. **Motivos para causar baixa no centro**
7. **Calendario escolar**

Anexo I. Horarios lectivos

Anexo II. Convocatoria de prazas

1. Preinscrición.

1.1. Música e Movemento

a) Por Internet: O período de preinscrición por Internet para Música e Movemento abrangue dende o 22 de xuño ata o 07 de setembro de 2022.

b) En persoa: A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da ETRAD, rúa García Barbón, 5, entre o 22 de xuño e o 31 de xullo e entre o 1 e o 7 de setembro de 2022 en horario de atención ao público de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web www.emmavigo.org, no que obterán un número de rexistro, ou na secretaría onde se lles proporcionará un resguardo da súa inscrición.

Poden inscribirse todas as persoas que o desexen e estean empadroadas en Vigo. A idade mínima de admisión é de 4 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2022.

1.2. Itinerario Básico e Aulas Abertas (Forgrup)

a) Por Internet: O período de preinscrición por Internet para Música e Movemento abrangue dende o 22 de xuño ata o 07 de setembro de 2022.

b) En persoa: A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da ETRAD, rúa García Barbón, 5, entre o 22 de xuño e o 31 de xullo e entre o 1 e o 7 de setembro de 2022 en horario de atención ao público de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web www.emmavigo.org, no que obterán un número de rexistro, ou na secretaría onde se lles proporcionará un resguardo da súa inscrición.

Poden inscribirse todas as persoas que o desexen e estean empadroadas en Vigo. A idade mínima de admisión é de 8 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2022.

1.3. Itinerario Medio

a) Por Internet: O período de preinscrición por Internet para Música e Movemento abrangue dende o 22 de xuño ata o 07 de setembro de 2022.

b) En persoa: A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da ETRAD, rúa García Barbón, 5, entre o 22 de xuño e o 31 de xullo e entre o 1 e o 7 de setembro de 2022 en horario de atención ao público de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web www.emmavigo.org, no que obterán un número de rexistro, ou na secretaría onde se lles proporcionará un resguardo da súa inscrición.

Poden ser inscritas todas as persoas que o desexen e estean empadroadas en Vigo. A idade mínima de admisión é de 11 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2022. A admisión posterior nos ciclos Medio e Avanzado está condicionada ao cumprimento dos requirimentos do ciclo.

1.4. Itinerario Avanzado

As persoas que se consideren en condicións de ingresar directamente no **Itinerario Avanzado** e non tiveran cursado o Itinerario Medio na ETRAD, deberán presentar unha solicitude expresa na Secretaría da ETRAD entre o 01 e o 09 de setembro de 2022.

Esta solicitude daralle acceso a unha proba con tribunal a celebrar o día 21 de setembro de 2022. Dita proba consiste no seguinte:

Proba teórica: consistirá en 60 preguntas tipo test sobre Ritmos e Xéneros da Música Tradicional, Harmonía elemental e Tradición e Ciclo Anual. Todos os aspirantes realizarán a proba ao mesmo tempo. Duración: 60 min. máximo.

Proba práctica: consistirá na demostración técnica do instrumento da especialidade cunha duración aproximada de entre 12-15 min. Para esta proba o aspirante poderá acompañarse doutros instrumentos que estime oportunos.

1.5. CURSO DE INICIACIÓN AO INSTRUMENTO (CII)

a) Por Internet: O período de preinscrición por Internet para Música e Movemento abrangue dende o 22 de xuño ata o 07 de setembro de 2022.

b) En persoa: A preinscrición en persoa poderá facerse na secretaría da ETRAD, rúa García Barbón, 5, entre o 22 de xuño e o 31 de xullo e entre o 1 e o 7 de setembro de 2022 en horario de atención ao público de 11 a 14 horas.

Para facer efectiva a súa preinscrición os interesados cubrirán o formulario que atoparán na web www.emmavigo.org, no que obterán un número de rexistro, ou na secretaría onde se lles proporcionará un resgardo da súa inscrición.

Poden inscribirse todas as persoas que o desexen e estean empadroadas en Vigo. A idade mínima de admisión é de 8 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2022.

1.6. CURSO DE ESPECIALIZACIÓN ESCÉNICA (CEE)

Para matricularse neste programa específico non fai falla preinscrición, os interesados deberán ter cursado o 2º curso do Itinerario Avanzado da especialidade elixida e, polo tanto, deberán formalizar a **matrícula entre o 22 de xuño e o 08 de xullo de 2022**.

1.7. Ampliación da preinscrición

No caso de que queden vacantes algunhas prazas para as que non exista lista de espera, poderanse abrir novos períodos de preinscrición nas semanas seguintes ao comezo do curso. Ditos períodos serán comunicados no taboleiro e nas páxinas da escola en Internet.

2. Admisión.

2.1. Música e Movemento

As preinscricións serán numeradas en orde de chegada. As listas de preinscritos serán publicadas na web da ETRAD e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 13 a 15 de setembro de 2022, inclusive. Durante ese tempo se admitirán a trámite as reclamacións oportunas.

No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, o día 16 de setembro de 2022 ás 12 horas farase un sorteo público con aplicación informática na Hemeroteca da EMAO.

No suposto de que o número de solicitantes sexa inferior ao número de prazas ofertado ou por necesidade do servizo, a ETRAD poderá reagrupar ao alumnado admitido en favor da calidade didáctica e o mellor desenvolvemento das aulas.

O Secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no taboleiro e na web da ETRAD.

Os listados do sorteo serán, a tódolos efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo dos dous primeiros meses do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

As listas de admitidos no sorteo serán publicadas o día 22 de setembro de 2022 e permanecerán expostas na web e no taboleiro.

2.2. Itinerario Básico e Aulas Abertas

As preinscricións serán numeradas en orde de chegada. As listas de preinscritos serán publicadas na web da ETRAD e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 13 ao 15 de setembro de 2022, inclusives. Durante ese tempo se admitirán a trámite as reclamacións oportunas.

No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, o día 16 de setembro de 2022 ás 12 horas farase un sorteo público con aplicación informática na Hemeroteca da EMAO por cada unha das especialidades do Itinerario Básico e das Aulas Abertas.

O Secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no taboleiro e na web da ETRAD.

Os listados do sorteo serán, a tódolos efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo dos dous primeiros meses do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

As listas de admitidos no sorteo serán publicadas o día 22 de setembro de 2022 e permanecerán expostas na web e no taboleiro.

2.3. Itinerario Medio

O proceso de admisión de preinscricións no Itinerario Medio será o mesmo que o previsto para o Itinerario Básico así como os prazos respectivos. Non así o modelo de formulario, que será específico.

As listas de preinscritos serán publicadas na web da ETRAD e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 13 ao 15 de setembro de 2022.

Os aspirantes á matrícula no Itinerario Medio deberán someterse a unha proba que demostre a aptitude e o manexo básico do instrumento escollido durante unha entrevista co mestre da especialidade. En función do resultado da mesma, cada mestre decidirá ou rexeitará a admisión do aspirante.

As entrevistas serán concertadas cos aspirantes entre os días do 16 ao 21 de setembro de 2022.

O día 22 de setembro de 2022 se publicarán as listas de admitidos para a formalización da matrícula. No caso no que o número de solicitantes que, a xuízo do mestre, podan resultar aptos para a matrícula sexa superior ás prazas convocadas, se confeccionará unha lista de espera.

2.4. Itinerario Avanzado

As persoas que se consideren en condicións de ingresar directamente no **Itinerario Avanzado** e non tiveran cursado o Itinerario Medio na ETRAD, deberán presentar unha solicitude expresa na Secretaría da ETRAD entre o 01 e o 09 de setembro de 2022.

Esta solicitude daralle acceso a unha proba con tribunal a celebrar o día 21 de setembro de 2022. Dita proba consiste no seguinte:



Proba teórica: consistirá en 60 preguntas tipo test sobre Ritmos e Xéneros da Música Tradicional, Harmonía elemental e Tradição e Ciclo Anual. Todos os aspirantes realizarán a proba ao mesmo tempo. Duración: 60 min. máximo.

Proba práctica: consistirá na demostración técnica do instrumento da especialidade cunha duración aproximada de entre 12-15 min. Para esta proba o aspirante poderá acompañarse doutros instrumentos que estime oportunos.

O día 22 de setembro de 2022 se publicarán as listas de admitidos para a formalización da matrícula. No caso no que o número de solicitantes que, a xuízo do mestre, podan resultar aptos para a matrícula sexa superior ás prazas convocadas, se confeccionará unha lista de espera.

2.5. CURSO DE INICIACIÓN AO INSTRUMENTO (CII)

As preinscricións serán numeradas en orde de chegada. As listas de preinscritos serán publicadas na web da ETRAD e no taboleiro de anuncios, permanecendo expostas do día 13 ao 15 de setembro de 2022. Durante ese tempo se admitirán a trámite as reclamacións oportunas.

No suposto de que o número de solicitantes sexa superior ao número de prazas vacantes, o día 16 de setembro de 2022 ás 12 horas farase un sorteo público con aplicación informática na Hemeroteca da EMAO.

O Secretario levantará acta do resultado do sorteo, que será exposta no Taboleiro e na web da ETRAD.

Os listados do sorteo serán, a tódolos efectos, considerados, pola orde resultante, como listas de reserva para o caso de que, ao longo dos dous primeiros meses do curso, se producisen baixas no alumnado matriculado.

As listas de admitidos no sorteo serán publicadas o día 22 de setembro de 2022 e permanecerán expostas na web e no taboleiro.

2.6. CURSO DE ESPECIALIZACIÓN ESCÉNICA (CEE)

A admisión no Curso de Especialización Escénica formalizarase co pago da matrícula dos alumnos/as interesados/as entre o 22 de xuño e o 08 de xullo de 2022, en función das prazas dispoñibles no curso ofertado.

3. Matrícula.

3.1. Música e Movemento

Os pais ou titores dos alumnos/as favorecidos/as no sorteo deberán facer efectiva a súa matrícula de xeito **presencial** cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da ETRAD. O prazo de formalización comezará o 23 e rematará o 30 de setembro de 2022. A oficina estará aberta de 11 a 14 e de 16 a 20 horas durante ese período.

Os interesados/as acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

Deberán efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e formalizar a matrícula.

Para a formalización e confirmación da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado e a copia do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

A non formalización da matrícula ou a non asistencia inxustificada ás tres primeiras clases provocará a perda do dereito

a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O pago da matrícula non será reembolsable en ningún caso.

3.2. Itinerario Básico e Aulas Abertas

Os alumnos/as favorecidos/as no sorteo deberán facer efectiva a súa matrícula de xeito **presencial** cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da ETRAD. O prazo de formalización comezará o 23 e rematará o 30 de setembro de 2022. A oficina estará aberta de 11 a 14 e de 16 a 20 horas durante ese período.

Os interesados/as acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

Deberán efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e formalizar a matrícula.

Para a formalización e confirmación da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado e a copia do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

A non formalización da matrícula ou a non asistencia inustificada ás tres primeiras clases provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O pago da matrícula non será reembolsable en ningún caso.

O alumnado da ETRAD poderá estar matriculado como máximo en dúas especialidades ao mesmo tempo, sempre que sexa en cursos diferentes e non haxa coincidencia horaria.

3.3. Itinerarios Medio e Avanzado

Os alumnos/as admitidos/as deberán facer efectiva a súa matrícula de xeito **presencial** cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da ETRAD. O prazo de formalización comezará o 23 e rematará o 30 de setembro de 2022. A oficina estará aberta de 11 a 14 e de 16 a 20 horas durante ese período.

Os interesados/as acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

Deberán efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e formalizar a matrícula.

Para a formalización e confirmación da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado e a copia do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

A non formalización da matrícula ou a non asistencia inustificada ás tres primeiras clases provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O pago da matrícula non será reembolsable en ningún caso.

O alumnado da ETRAD poderá estar matriculado como máximo en dúas especialidades ao mesmo tempo, sempre que sexa en cursos diferentes e non haxa coincidencia horaria.

3.3. Curso de Iniciación ao Instrumento (CII)

Os alumnos/as favorecidos/as no sorteo deberán facer efectiva a súa matrícula de xeito **presencial** cubrindo o impreso que a tal fin se lles proporcionará na oficina da ETRAD. O prazo de formalización comezará o 23 e rematará o 30 de setembro de 2022. A oficina estará aberta de 11 a 14 e de 16 a 20 horas durante ese período

Os interesados/as acudirán provistos do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

Deberán efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e formalizar a matrícula.

Para a formalización e confirmación da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado e a copia do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

A non formalización da matrícula ou a non asistencia inxustificada ás tres primeiras clases provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O pago da matrícula non será reembolsable en ningún caso.

3.4. Curso de Especialización Escénica (CEE)

Os alumnos/as que acreditaron ter aprobado o 2º curso do Itinerario Avanzado, deberán formalizar a matrícula de xeito **presencial** na oficina da ETRAD entre o 22 de xuño e o 08 de xullo de 2022, en horario de 11 a 14 horas.

Deberán efectuar o pago da matrícula a través de www.emmavigo.org e formalizar a matrícula.

Para a formalización e confirmación da matrícula, deberán presentar o xustificante de pago da mesma ou ben copia da presentación da solicitude de exención de taxas, en modelo normalizado, o impreso de matrícula debidamente cumprimentado e a copia do DNI e autorización do seu titor legal en caso de minoría de idade.

A non formalización da matrícula ou a non asistencia inxustificada ás tres primeiras clases provocará a perda do dereito a matrícula e a substitución polo seguinte posto da lista de espera. O pago da matrícula non será reembolsable en ningún caso.

4. Ratios e avaliación

COVID-19. Situación de excepcionalidade

Diferentes disposicións legais en relación á situación sociosanitaria da pandemia, que podan ter vixencia a 3 de outubro de 2022 (data de inicio previsto do curso), poderían modificar as características deste punto en concreto..

4.1. Música e Movemento

Para Música e Movemento a ratio profesor-alumno/a para o alumnado que entra por primeira vez será a seguinte:

Música e Movemento: 1/12 prazas

Se aplicará o método de avaliación continua.

4.2. Nivel Básico

Para o Itinerario Básico a ratio profesor-alumno para o alumnado que entra por primeira vez será a seguinte:

Zanfona e Corda Pulsada: 1/6 prazas.

Gaita e Requinta: 1/7 prazas.

Canto Popular e Percusión: 1/8 prazas.

Se aplicará o método de avaliación continua en todas as especialidades.

4.3. Niveis Medio e Avanzado

Para os Itinerarios Medio e Avanzado: 1/3 prazas.

Se aplicará o método de avaliación continua en todas as especialidades e itinerarios, coas seguintes excepcións:

- Alumnos que en opinión dos profesores deban estar noutro nivel superior ao primeiro dos Itinerarios Básico e Medio, poderán ser promocionados ao seguinte nivel sen necesidade de avaliación. Nese caso cubrirase a praza activando a lista de espera.
- Alumnos do Itinerario Medio que documenten impedimento laboral ou de saúde para asistir ás clases de materias troncais poderán ser sometidos á proba de avaliación ao final do curso.
- Alumnos do Itinerario Medio que se sintan con coñecementos dabondo para aprobar as materias troncais poderán someterse a unha proba de avaliación ao comezo do curso. No caso de resultar satisfactoria, a materia figurará no seu expediente como aprobada.

Alumnos do Itinerario Medio que, tendo aprobadas todas as materias específicas, troncais e complementarias correspondentes, desexen optar á matriculación no Itinerario Avanzado no seguinte curso, deberán someterse á proba de nivel cuxo contido e características se comunicarán coa antelación necesaria aos interesados.

4.4. Curso de Iniciación ao Instrumento (CII)

Para o Curso Específico de Iniciación ao Instrumento a ratio profesor-alumno será a seguinte:

Acordeón Diatónico: 1/5 prazas.

Violín Folk e Arpa Céltica: 1/6 prazas.

Se aplicará o método de avaliación continua neste curso.

4.5. Curso de Especialización Escénica (CEE)

Para o programa CEE a ratio para as diferentes asignaturas que o conforman ven especificada no punto 2. da Oferta Educativa e Programas do presente Plan Xeral Anual.

Se aplicará o método de avaliación continua en todas as asignaturas do programa, debendo o alumno/a, ademáis, preparar e coordinar un concerto de fin de estudos para a adquisición do diploma acreditativo dos seus estudos do Itinerario Avanzado na ETRAD.

4.6. Foragrup: Aula Aberta

As actividades comprendidas neste apartado non se consideran destinadas especificamente á formación. A avaliación será global dos resultados finais en base aos obxectivos marcados. Os participantes nas actividades deberán asumir o compromiso da asistencia e o seguimento das indicacións e as directrices dos responsables do programa.

5. Titorías e orientación

Cada alumno dos programas de formación en ciclo medio e avanzado terá asignado un titor ao que poderá consultar todo tipo de dúbidas no horario destinado a ese fin. O titor orientará ao alumno durante o período da súa permanencia na Escola. No caso en que o alumno sexa menor de idade, o titor informará periodicamente aos pais ou responsables legais dos nenos e mozos da marcha dos seus estudos e o seu rendemento e velará pola súa asistencia ás clases.

Plan de titorías:

Matriculados en	Titor	Horario titoría
Gaita	Xaquín Xesteira	Mércores, de 19 a 20 h
Zanfona	Anxo Pintos	Martes, de 21 a 22 h
Percusión	Xefatura de Estudos	Mércores, de 19 a 20 h
Corda Pulsada	Xosé Liz	Martes, de 21 a 22 h
Arpa	Xefatura de Estudos	Mércores, de 19 a 20 h
Violín	Alfonso Franco	Martes, de 21 a 22 h
Canto	Xefatura de Estudos	Martes, de 21 a 22 h
Acordeón	Xefatura de Estudos	Mércores, de 19 a 20 h
Requinta	Xosé Liz	Martes, de 21 a 22 h

6. Motivos para causar baixa no centro

1. Serán causas de baixa no centro:

- Por renuncia expresa do/a interesado/a.
- Por non presentárense ás tres primeiras clases, despois da apertura oficial do curso, de non mediar unha xustificación previa por asunto grave ou transcendente.
- A inasistencia ás clases, sen causa xustificada, durante catro xornadas.
- Os alumnos/as que aínda por causa xustificada faltasen 10 ou máis horas lectivas das materias de cada curso anual.
- Pola comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados coa solicitude ou a matrícula
- Pola incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no centro.

2. As baixas motivadas polo establecido na línea f) resolveráas o Xefe de Servizo de Educación, tras informe proposta da Dirección da Escola, unha vez dada audiencia ao alumno/a interesado/a, e tralo informe técnico do profesor/a titular da especialidade e do Xefe de Estudos. Contra a Resolución caberá poñer recurso de reposición perante a Concellería de Educación.

3. Nos demais supostos aprobarase a baixa por resolución da Dirección do Centro, tras o informe proposta da Xefatura de Estudos.

4. As baixas producidas ao longo do primeiro trimestre do curso escolar, por calquera dos motivos anteriormente expostos, cubrirán as/os solicitantes que figuren en lista de espera.

5. Consideraranse faltas por causa xustificada aquelas nas que o/a alumno/a acredite mediante documentación fidedigna a concorrencia dun asunto grave ou transcendente que imposibilitase a asistencia. Será competencia do xefe/a de estudos, co visto e prace do Director/a, a cualificación da falta como xustificada, á vista da documentación presentada.

6. Agás no suposto a) e f) do apartado 1, o procedemento para dar de baixa a un alumno será o seguinte:

- Informe do xefe de estudos dirixido á Dirección.
- Notificación ao/á interesado/a.
- Pasados tres días dende o envío da notificación, se esta non foi recibida, notificarase por medio do taboleiro de anuncios oficial da Escola.
- Nos tres días seguintes aos da notificación, o/a interesado/a poderá presentar as alegacións que considere oportunas, que en todo caso, deberán vir acompañadas da documentación fidedigna pertinente.
- Resolución de baixa definitiva ou aceptación das alegacións presentadas. O segundo suposto deberá vir acreditado por informe da xefatura de estudos.

7. O alumnado que causara oficialmente baixa nun curso escolar, como consecuencia de ter sobrepasado o límite fixado das 10 ou máis horas lectivas de faltas de asistencia, poderá repetir o curso no ano lectivo seguinte, sempre e cando existan vacantes dispoñibles no nivel de referencia. Esta norma só será de aplicación a aqueles cuxa falta prolongada fose por causas xustificadas debidamente acreditadas no momento no que se produciron ou foron notificados. No caso de existiren máis solicitudes de repetición que prazas vacantes, estas asignaranse por sorteo. Non está permitida a repetición individual de curso en ningún outro suposto.

7. Calendario escolar

Comezo do curso:

Todo o alumnado: 03 de outubro de 2022.

Remate do curso: 22 de Xuño de 2023.

O calendario de días non lectivos será o que indique o Servizo Municipal de Educación para as escolas municipais de música e artes escénicas. Farase público en setembro de 2022.



Anexo I. Horarios 2022-2023

LUNS									
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 6B	AULA 7	AULA 8
16-17	Arpa Céltica C.I.I. A	Zanfona Bás. 1 A	Gaita Bás. 1 A		Canto Popular Bás. 1 A	Requinta Bás. 1 Ú	Acordeón Bás. 1 A	Percusión Bás. 1 A	Violín Folk Bás. 1 A
17-18	Arpa Céltica C.I.I. B	Zanfona C.E.E. Ú	Gaita Bás. 1 B		Canto Popular Bás. 1 B	Corda Pulsada Bás. 1 A	Acordeón Bás. 1 B	Percusión Bás. 1 B	Violín Folk Bás. 2 A
18-19	Arpa Céltica Bás. 2 Ú	Zanfona Bás. 2 A	Gaita Bás. 2 A		Canto Popular Bás. 2 A	Requinta Bás. 2 Ú	Acordeón Bás. 2 Ú	Percusión Bás. 2 A	Violín Folk Bás. 2 B
19-20	Arpa Céltica Med. 2 Ú	Zanfona Med. 2 Ú		Conxunto Bás. 2	Canto Popular Med. 2 Ú	Corda Pulsada Med. 2 Ú	Acordeón Med. 2 Ú	Percusión Med. 2 Ú	Violín Folk Med. 2 Ú
20-21	Arpa Céltica Bás. 1 Ú	Zanfona Bás. 1 B		Conxunto Med. 2	Canto Popular Bás. 2 B	Corda Pulsada Bás. 2 Ú	Acordeón Av. 1 e Av. 2	Percusión Bás. 2 B	Violín Folk Bás. 1 B
21-22									

MARTES									
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 6B	AULA 7	AULA 8
11-12		Zanfona Bás. 1 C	Gaita Bás. 1 C		Canto Popular Bás. 2 C	Corda Pulsada Bás. 1 B			
12-13					Canto Popular Bás. 3 C				
					Canto Popular Av. 1 A				
16-17		Zanfona Med. 1 Ú	Gaita Med. 1 Ú	Conxunto Av. 1 (4)	Canto Popular Med. 1 Ú	Requinta Med. 1 Ú	Acordeón Med 1 Ú	Percusión Med. 1 Ú	Violín Folk Med. 1 Ú
17-18		Zanfona Bás. 3 Ú	Gaita Bás. 3 A	Conxunto Av. 1 (4)	Canto Popular Bás. 3 Ú	Requinta Bás. 3 Ú	Acordeón Bás. 3 Ú	Percusión Bás. 3 A	Linguaxe Musical 1*
18-19	Arpa Céltica Med. 1	Zanfona Med. 3 Ú		Conxunto Bás. 3	Canto Popular Med. 3 Ú	Requinta Med. 2 Ú	Acordeón C.I.I. Ú	Percusión Bás. 1 C	Violín Folk Med. 3 Ú
19-20		Gaita Bás. 3 B	Conxunto Med. 3	AULA ABERTA Zanfona	AULA ABERTA Cantares de Troula	Corda Pulsada Bás. 3 Ú	Acordeón Bás. 1 A	Percusión Bás. 3 B	Violín Folk Bás. 3
20-21		Gaita Med. 2 Ú	Conxunto Med. 3	AULA ABERTA Zanfona	AULA ABERTA Cantares de Troula	Requinta Av. 2 Ú	Acordeón Bás. 1 B	Percusión Av. 1 Ú	Violín Folk C.E.E. Ú
21-22							Acordeón C.E.E. Ú		



MÉRCORES										
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 6B	AULA 7	AULA 8	PORTAL
16-17	Arpa Céltica Av. 1 Ú	Zanfona Av. 1 Ú	Gaita Av. 1 Ú	Música e Movemento I		Corda Pulsada Med. 1 Ú		Percusión Bás. 1 A	Violín Folk Av. 1 Ú	
17-18	1º cuatr. Etnomus.*	Zanfona Med. 3 Ú	Gaita Med. 3 Ú	Música e Movemento II		Corda Pulsada Med. 3 Ú		Percusión Bás. 1 B	Violín Folk Av. 2 Ú	
18-19	Arpa Céltica Bás. 3 Ú	Har. E An.II *	Gaita C.E.E. Ú	LM 2*		AULA ABERTA Requinta e Corda Pulsada		Percusión Bás. 1 C	1º cuatr. Hº Xeral da Mús 2º cuatr. Hº Mús.Galega.	
19-20	AULA ABERTA Arpa Céltica	Har. E An.I *	1º cuatr. Rit. e xén II	1º cuatr. Ritmos e xén I 2º cuatr. Percusión Troncal		Corda Pulsada Av. 1 Ú			Harm. Elemental	
20-21	AULA ABERTA Arpa Céltica		1º cuatr. Trad e C. A* 2º cuatr. Polifonía	Conxunto Av. 2 (5)	1º cuatr. Danza I	Sonor. E Grav.*			AULA ABERTA Agr. Corda Frotada	2º cuatr. Danza II
21-22				Conxunto Av. 2 (5)	1º cuatr. Org. Xeral *	Requinta Av. 1 Ú			AULA ABERTA Agr. Corda Frotada	

Org. Xeral *: Organoloxía Xeral. LM 2 *: Linguaxe Musical 2. Etnomus. : **Etnomusicoloxía. Trad e C A**: Tradición e Ciclo Anual. An. E Har. : **Análise e Harmonía. Sonor. E Grav.:** **Sonorización e Gravación. Polifon.:** Polifonía. Rit e xén *: Ritmos e xéneros.

XOVES										
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A	AULA 6B	AULA 7	AULA 8	
11-12		Zanfona Bás. 1 C	Gaita Bás. 1 C		Canto Popular Av. 2 Ú	Corda Pulsada Bás. 1 B			Violín Folk C.I.I. C	
12-13		Zanfona Bás. 2 B	Gaita Bás. 2 B		Canto Popular C.E.E. Ú	Corda Pulsada Bás. 2 B			Violín Folk Bás. 3 B	
16-17	Arpa Céltica C.I.I. C	Zanfona Bás. 1 A	Gaita Bás. 1 A	Música e Movemento III	Canto Popular Bás. 1 A	Requinta Bás. 1 Único			Violín Bás. 1 A	
17-18	Arpa Céltica Bás. 1 Ú	Zanfona Bás. 1 B	Gaita Bás. 1 B	Música e Movemento IV	Canto Popular Bás. 1 B	Corda Pulsada Bás. 1 A			Violín Bás. 1 B	
18-19	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	AULA ABERTA Pandereteiras	Práctica orquestral		AULA ABERTA Coro	Práctica orquestral	
19-20	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	AULA ABERTA Pandereteiras	Práctica orquestral		AULA ABERTA Coro	Violín C.I.I. A	
20-21	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral	Práctica orquestral		Canto Popular Av. 1 B	Violín C.I.I. B	

VENRES						
	AULA 1	AULA 2	AULA 3	AULA 4	AULA 5	AULA 6A
16-17	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Música e Movemento I (16:00 – 16:45)	Actividade extraescolar	
17-18	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Música e Movemento II (16:45 – 17:30)	Actividade extraescolar	
18-19	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Música e Movemento III (17:30 – 18:15)	Actividade extraescolar	
19-20	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Música e Movemento IV (18:15 – 19:00)	Actividade extraescolar	
19-20	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	AULA ABERTA Banda de Gaitas e Percusión	Actividade extraescolar	
20-21	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	Actividade extraescolar	AULA ABERTA Banda de Gaitas e Percusión	Actividade extraescolar	



Anexo II. Convocatoria de prazas 2022-2023

Música e Movemento I 4 anos	12
Música e Movemento II 5 anos	9
Música e Movemento III 6 anos	9
Música e Movemento IV 7 anos	11
TOTAL	41

PROGRAMAS DE FORMACIÓN

ESPECIALIDADE	Prazas Itinerario Básico	Prazas Itinerario Medio
Acordeón diatónico C.I.I.	6	3
Arpa céltica C.I.I.	18	3
Canto Popular	16	3
Corda Pulsada	12	3
Gaita	21	3
Percusión	24	3
Requinta	7	3
Violín Folk C.I.I.	18	3
Zanfona	18	3
TOTAL	136	27

AGRUPACIÓNS EN AULA ABERTA

Zanfona	30 zanfonas
Cantares Populares de Troula	25 voces
Banda de Gaitas	30 gaita, 10 tambor, 2 bombo, 10 pandeireta
Coro	30 voces mixtas
Pandereteiras	15 voces
Agrupación Corda Frotada	12 violíns, 6 violas, 3 cellos, 1 baixo
Requinta e Corda Pulsada	5 frautas + 5 corda p.
Arpa Céltica	10 arpas
TOTAL	194

Total novas prazas a convocar: **396 PRAZAS**